



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezaséis de setembro do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D. José Vicente Ferreira
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACION PROXECTO OBRAS “PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA”.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Co fin de solicitar o financiamento de 1% cultural do Ministerio de Fomento, redactouse o proxecto básico e de execución de “PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA”, por Arquitectura Obradoiro Aberto S.L.P., por importe de 1.033.931,14 euros.

O Ministerio de Fomento acordou aprobar o financiamento das obras de “PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA” por un importe de 775.448,36 euros, correspondente o 75% do valor total das obras.

Para completar o expediente, o Ministerio nos require a aprobación do referido proxecto, polo que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Propoño o Pleno:

A aprobación do proxecto das obras de "PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA", redactado por Arquitectura Obradoiro Aberto S.L.P., cun orzamento de 1.033.931,14 euros, (un millón trinta e tres mil novecentos trinta e un euros e catorce céntimos).

A Guarda a 8 de setembro de 2011.

O Alcalde,

Jose Manuel Domínguez Freitas"

O señor Alcalde explica os antecedentes destas propostas, e di que fará unha intervención única para os dous puntos do orde do día: di que hai cinco ou seis anos se acometeron actuacións diversas no Castelo, posteriormente caeu en desuso, e no ano 2006 ou 2007 foi asinado un Convenio coa Consellería de Cultura sobre o Centro de Interpretación das Fortalezas Transfronteirizas do Miño; se produciron algúns avatares, se asinaron addendas ó Convenio e a día de hoxe as obras están inconclusas. A finais do ano 2010 a Consellería de Cultura oferta un novo Convenio para rematar as obras, foi aceptado e se esperou, pero faltaba a sinatura, e a Xunta finalmente comunica que non o vai asinar, pola situación actual de crise económica e as dificultades que atopa para elo. Posteriormente xurde o 1% cultural, no que o Minsiterio de Fomento financia obras de máis de 600.000 euros, tratándose de inversións en Bens de Interese Cultural; se encargou a redacción dun proxecto, que foi presentado en Madrid, co previo visto bo da Xunta. O 5 de xullo, nunha Comisión Interministerial se concedeu o 1% cultural, cunha financiación do 75% do importe da obra. O proxecto consiste na recuperación das partes da muralla que están derrubadas, a limpeza, poda de árbores, recuperación do camiño de ronda e interiores, sembra, etc. Debe aprobarse o proxecto, e no seguinte punto se someterá a aprobación o borrador do Convenio co Minsiterio de Fomento e facultar ó Alcalde para a súa sinatura. Despois da sinatura do Convenio haberá catro meses para adjudicar as obras, e a primeira certificación de obra debe aprobarse antes do un de xuño de 2012.

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que está de acordo en facer proxectos deste calibre, para dar valor ó patrimonio da Guarda, o Convenio vén de Madrid, pero quere deixar claro que dado que o Concello será o que adjudique as obras, debería puntuar a contratación por parte das empresas de xente do municipio e parados de longa duración da comarca.

O señor Lomba Alonso di que fará unha intervención única para os dous puntos, e di que apoiará a iniciativa. Fai un chamamento ó PP para a cuestión laboral, a Xunta declinou no seu día facer as obras, pero os Concellos teñen dificultades para financiar as obras, parece que a Xunta vai participar cun 12% ou un 15%, pide que sexan sensibles co proxecto e que aumenten esa participación, para que supoña un menor gasto ó Concello e unha menor carga. Votarán a favor.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que este proxecto e a inversión do 1% cultural son moi importantes, se ben unha vez examinado o proxecto, se poderían haber esmerado máis, pois está desordeado e técnicamente é escueto, pero o PP vai apoilo en todo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero diríxese a Convergencia Galega e di que no momento da licitación, dentro da legalidade, se intentará contribuir á creación de emprego, non saben ata qué punto se poderá premiar a creación de emprego local e comarcal, espera que así sexa. Diríxese ó señor Lomba Alonso e di que oxalá, se vai traballar no porcentaxe de aportación da Xunta, para que sexa o máximo posible, pois os recursos municipais son os que son.

O señor Alcalde fai un apunte: neste asunto, o compromiso certo e real que teñen é que hai que contar coa palabra do Director Xeral, supeditada á aprobación do orzamento da Xunta, ata que exista partida orzamentaria.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Ferreira, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 2º.-APROBACION BORRADOR CONVENIO COLABORACION CO MINISTERIO DE FOMENTO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA",E FACULTAR O SR. ALCALDE PARA A SUA SINATURA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Redactado o proxecto básico e de execución de "PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA" por importe de 1.033.931,14 euros e solicitada a subvención correspondente ó 1% cultural o Ministerio de Fomento, se nos concede un financiamento do 75 %, (775.448,36 euros).

Para obter ese financiamento é preciso aprobar o borrador do convenio co Ministerio, do que obra unha copia no expediente, así como facultar ó alcalde para a súa sinatura, polo que

Propoño o Pleno:

A aprobación do borrador do convenio de colaboración co Ministerio de Fomento para o financiamento das obras de "PUESTA EN VALOR DEL CASTILLO DE SANTA CRUZ EN A GUARDA", facultando e autorizando o alcalde de A Guarda para a súa sinatura, (para subscribilo).

A Guarda a 8 de setembro de 2011.

O alcalde,

Jose Manuel Domínguez Freitas"

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: : Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González,



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Ferreira, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e cincuenta e oito minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre